



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN**  
**(ACTA NÚMERO 24)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e trinta minutos do día **vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaeito de xuño de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes

Con data 11 de outubro de 2019, a Xunta de Goberno, aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Con data 21 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno, acordou adxudicar o lote I da contratación á empresa Grupo Disofic S.L.U. por importe máximo de 58.000,00 euros (IVE incluído) e o lote II á empresa Prelo S.L., por importe máximo de 29.120,020 euros (IVE incluído).

Con data 21 de febreiro de 2020, asínanse os correspondentes contratos administrativos, desta licitación.

### Consideracións xurídicas

O PCAP recolle na cláusula vixésimo cuarta, denominada “modificación do contrato” que “De conformidade co disposto na Disposición adicional trixésimo terceira da LCSP, por tratarse dun contrato de subministración con orzamento limitativo no que o empresario se obriga a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva por prezo unitario, sen que o número total de entregas incluídas no obxecto do contrato se defina con exactitude ao tempo de celebrar este, por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración; en caso de que as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente poderá modificarse o contrato como consecuencia de tal circunstancia debidamente acreditada polo responsable do contrato, cos límites máximos previstos no cadro resumo”.

No apartado “U” do cadro resumo, recóllese que en caso de que as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, circunstancia que deberá estar debidamente acreditada no expediente, poderá modificarse o contrato cos seguintes límites máximos:

LOTE	MODIFICACIÓN (IVE NON ENGADIDO)
Lote I:	2.396,69 € anuais
Lote II:	1.203,31 € anuais

Atendendo a evolución da execución do contrato e segundo se constata nos pedidos realizados polos distintas unidades administrativas, pónse de manifesto que as necesidades reais son superiores ás estimadas inicialmente, razón ésta que xustifica a modificación proposta.

O artigo 203, da LCSP recolle a potestade de modificación do contrato, e di:

“1. Sen prexuízo dos supostos previstos nesta Lei respecto a sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

2. Os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

En calquera outros supostos, se fose necesario que un contrato en vigor executácese en forma distinta á pactada, deberá procederse á súa resolución e á celebración doutro baixo condicións pertinentes, no seu caso previa convocatoria e sustanciación dunha nova licitación pública de conformidade co establecido nesta Lei, sen prexuízo do disposto no apartado 6 do artigo 213 respecto da obrigaón do contratista de adoptar medidas que resulten necesarias por razóns de seguridade, servizo público ou posible ruína.

3. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153, e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.”

O artigo 204 da LCSP, sobre as modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, di:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advertinse expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma



forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

2. En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

De acordo, co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP “Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP.” Sendo necesario, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 2.1 “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial”, o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, publicado no BOP de 26 de xullo de 2018, en relación coa delegación de competencias da Presidencia da Deputación (BOP 27-07-2018) e circular interpretativa da Secretaría de 30 de xullo de 2018. (...)

En atención ás consideracións expostas propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Modificar a contratación da subministración de material de oficina para a Deputación Provincial de Lugo, atendendo ao seguinte desglose:

LOTE	IMPORTE NETO	IVE	IMPORTE TOTAL
Lote I: Material de oficina de uso xeral	Anualidade 2021: 2.300,00 €	483,00 €	2.783,00 €
	Anualidade 2022: 96,69 €	20,30 €	116,99 €
	Total: 2.396,69 €	503,30 €	2.899,99
Lote II: Material de oficina de uso técnico ou especial	Anualidade 2021: 1150,00	241,50	1391,50
	Anualidade 2022: 53,31	11,20	64,51
	Total: 1.203,31 €	252,70€	1.456,01 €

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9200.22000, do orzamento de gastos do 2021, polos importes relacionados, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022, as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e régulanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente.

**2º.-** Aprobar o devandito gasto, financiándose, segundo consta no informe da Intervención Xeral con CSV: IV7ESILYNUR3ZKET4ZNXMFKTDY.

**3º.-** A empresa adjudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (119,83 euros para o lote I e 60,16 euros para o lote II), constituído de conformidade co disposto no PCAP (os avais bancarios e seguros de caución deberán presentarse verificados de suficiencia pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo), no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adjudicatario a resolución de modificación do contrato.

**4º.-** Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.



5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 156 do TRLCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO MODIFICADO DE INVERSIONES INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO 2021.**

*Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Meira, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Meira no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MEIRA	141	ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A LOUSEIRA, O MARRONDO, PIÑEIRO E VILAR DA COROTA, INCLÚIDO HONORARIOS	--	42.190,52€	42.190,52€

A Alcaldía do Concello de Meira a través de escrito de data 07/06/2021 solicita:

A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 141, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... para facilitar o saneamento das augas o nivel freático...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MEIRA	141	MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A LOUSEIRA, O MARRONDO, PIÑEIRO E VILAR DA COROTA, INCLÚIDO HONORARIOS	--	42.190,52€	42.190,52€

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos





nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Meira que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Meira, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MEIRA	141	MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A LOUSEIRA, O MARRONDO, PIÑEIRO E VILAR DA COROTA, INCLUÍDO HONORARIOS	--	42.190,52€	42.190,52€

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2020.**

**Primeiro.-** *Escrito do Concello de Quiroga, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 246 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (246) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.



Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Quiroga presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
QUIROGA	246	RENOVACIÓN DE INFRAESTRUCTURA INFORMÁTICA DO CONCELLO	9200.76201	3.073,37€

Por escrito de data 18/06/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
QUIROGA	REM	SUBMINISTRACIÓN PROGRAMA DE REXISTRO MUNICIPAL DE HABITANTES	9200.76201	72,63€	3.073,37€	3.146,00€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

### Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Quiroga, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
QUIROGA	REM	SUBMINISTRACIÓN PROGRAMA DE REXISTRO MUNICIPAL DE HABITANTES	9200.76201	72,63€	3.073,37€	3.146,00€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Escrito do Concello de Cervantes, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 63, 64, 65, 66, 67, 68 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Cervantes, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (63,64,65,66,67,68) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Cervantes presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
CERVANTES	63	EXECUCIÓN OBRA DE PASO NA VIA MUNICIPAL 012-021 SOBRE O RIO MAZO (PANDO)	1531.76201	420,01€
CERVANTES	64	PAVIENTACION DE ACCESO AO NUCLEO DE VILASANTE DENDE A LU-723, P.K. 0+000 A 1+480, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	96,50€
CERVANTES	65	MELLORA E ACONDICINAMENTO DE CAMIÑOS DE BARRA A VILLALUZ, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	200,00€
CERVANTES	66	MELLORA E ACONDICINAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARELLO DA IGREXA, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	2.352,68€
CERVANTES	67	EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN A FREITA, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	1.452,48€
CERVANTES	68	MELLORA E ACONDICINAMENTO DE CAMIÑOS EN CABANAXARAZ, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	250,47€

Por escrito de data 21/06/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma



finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
CERVANTES	REM	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN TRABADO	1531.76201	0,00€	4.772,14€	4.772,14€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

#### Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Cervantes, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Cervantes e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
CERVANTES	REM	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN TRABADO	1531.76201	--	4.772,14€	4.772,14€

**2º.-** Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo co fin de promover e difundir o deporte nas súas distintas disciplinas, sendo consciente das dificultades que teñen que afrontar os e as deportistas lucenses de modalidades individuais, para progresaren na súa formación integral e para articular a súa participación dentro dese espazo deportivo e como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva de competición e de implicación do/da deportista, na perspectiva desa actividade como fórmula de extensión do benestar social.

Visto o informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:





1º.- Aprobación das bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais 2021.

2º.- Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 85.500 € (oitenta e cinco mil cincocentos euros).

3º.- Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE SELECCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO PROGRAMA LUGOTERMAL.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Pablo Rivera Capón en calidade de Delegado da Área de Promoción Económica e Social, e por ende, responsable da sección de Benestar Social e Igualdade, expoño:

Considerando que a Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais promover o benestar social dos seus cidadáns, en cumprimento do establecido no artigo 50 da Constitución Española, o cal sinala que os poderes públicos promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

Considerando que a dende o ano 2011 a Deputación de Lugo ven desenvolvendo programas de termalismo dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos establecementos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinales declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo o regulado no artigo 22 da Lei 5/1995, de 7 de

xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, na provincia de Lugo.

Considerando que os orzamentos da Deputación Provincial de Lugo para o presente exercicio, recollen un incremento notable das dotacións orzamentarias dedicadas as políticas sociais e de promoción socioeconómica da provincia de Lugo, e por ende, dende o Benestar Social e Igualdade pretendese poñer en marcha diferentes proxectos, programas e actuacións , entre o que se atopa o programa de termalismo “LugoTermal”.

Considerando que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Ase mesmo, a citada LSSG establece que as competencias das deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das seus competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Considerando que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 18.03.2021 aprobou, un ano mais, a programación dun programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal". Este programa ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 55 anos o mais e que se topen empadroadas nalgún concello da provincia de



Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Considerando que para a posta en marcha do Programa “LugoTermal”, foi necesario a contratación de servizos termais, tendo en conta a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en concreto o seu artigo 28, necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación, no cal se sinala que os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, sendo a prevención da dependencia e a promoción do envellecemento activo sen debida de interese xeral social para a provincia de Lugo.

Considerando que o 11.06.2021 mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo adxudicouse os servizos de termalismo derivados da execución do programa denominado LugoTermal, mediante un procedemento de negociado sen publicidade, sendo adxudicatarios, previos trámites administrativos establecidos, o Balneario y Termas De Lugo, S.L., Balneario de Río Pambre, S.L. e Hotel Balneario Augas Santas, S.L. dos lotes 1, 2 e 3 respectivamente. Quedando do seguinte xeito a adxudicación:

LOTE	ESTABLECEMENTO	PRAZAS CON ESTANCIA	IMPORTE SEN IVE 55,00€/praza	IMPORTE CON IVE 10%	PRAZAS SEN ESTANCIA 0,00€/praza	MELLORAS OFERTADAS sen custe
1	Balneario y Termas de Lugo, SL	100	5.500,00 €	6.050,00€	100	1).-Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. 2).- Facilitar albornoz de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. 3).-10% de desconto nos servizos e prestacións complementarias en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal. 4).-20% de desconto nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.
2	Balneario Río Pambre, SL	200	11.000,00 €	12.100,00 €	150	1).-Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.
3	Hotel Balneario Augas Santas, SL	700	38.500,00 €	42.350,00 €	70	1).-Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. 2).-10% de desconto nos servizos e prestacións complementarias en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal. 3).-10% de desconto nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.
		1.000	55.000,00€	60.500,00€	320	

Considerando o establecido no programa de LugoTermal en relación a necesidade de realizar unha selección das usuarias a través dunha convocatoria pública, estímase oportuno redactar para súa posterior aprobación, se procede, unhas bases que articulen o procedemento de acceso en concorrencia non competitiva, ao servizo de carácter temporal ofrecido pola Deputación de Lugo, tendo en conta a Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As bases que se acompañan con esta proposta, foron informadas favorablemente por Benestar Social e Igualdade e por parte do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, propónse por parte deste Deputado da Área de Promoción Económica e Social á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordar, se procede:

1º.- Aprobar as bases de selección das persoas usuarias do programa “Lugothermal” e proceder a súa convocatoria.

2º.- Publicar as bases de selección das persoas usuarias do programa “Lugothermal“ no BOP de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2021.**



Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente relativo ás bases e convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2021.

Tendo en conta:

A Deputación de Lugo é a entidade responsable da xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, declaradas nos anos 2002 e 2006, respectivamente, pola UNESCO ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (Programa MaB), que este ano celebra o seu 50 Aniversario.

En ambas Reservas da Biosfera resulta imprescindible que a implementación dos seus Plans de Acción forme parte dun proceso integrador no que se teñan en conta os diferentes axentes implicados no desenvolvemento e posta en marcha de cada acción. Polo tanto, debe contemplarse a integración dos organismos competentes, fomentando a colaboración e participación de entidades locais, asociacións, representantes dos distintos sectores produtivos implicados, organizacións conservacionistas sen ánimo de lucro, institucións dedicadas a educación e/ou investigación científica, así como todos aqueles axentes que poidan verse implicados no desenvolvemento e posta en marcha das accións formuladas no presente Plan, especialmente, aos integrantes dos Órganos de Participación de ámbalas Reservas da Biosfera.

Esta convocatoria de subvencións está destinada ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2021, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Accións das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

A Liña 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Lán cara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Orol, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade. Esta liña ten unha dotación de 45.000,00 €.

A Liña 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna. Esta liña ten unha dotación de 38.000,00 €.

Os gastos subvencionables neste programa (que non poderán estar subvencionados por outro programa ou convocatoria da Deputación de Lugo) son aqueles considerados como gastos correntes que contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Accións das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses.

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro público correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en diante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos planes das ditas Reservas.

Tendo en conta os informes favorables do Servizo de Medio Ambiente, do Servizo de Contratación e Fomento e da Intervención provincial.

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes, proponse á Xunta de Goberno:



1º.- Autorizar o devandito gasto por importe de oitenta e tres mil euros (83.000,00 €) con cargo ás aplicacións 1724/48900 (45.000,00 €) e 1725/48900 (38.000,00 €) do orzamento do ano 2021.

2º.- Aprobar as bases e os anexos (relativos aos modelos de presentación de solicitudes e de xustificación de subvencións), así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2021.

3º.- Realizar a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión das referidas subvencións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DO PLAN ÚNICO CONCEDIDAS PARA PROGRAMAS DE CULTURA, ANO 2020.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Logo de ver que o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 02/04/2020, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos de 2020.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28/07/2020, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, que inclúe achegas económicas para os programas de cultura dos seguintes concellos:

Concello de Baleira, por importe de 4.500,00€, programa denominado “Outono Cultural Baleira 2020: Concertos e Actuacións Musicais, Teatro, Espectáculo de Maxia, Talleres Infantís”.

Concello do Incio, por importe de 1.300,00€, programa denominado “Edición, deseño e impresión da Revista Cultural -Os Fanagueiros-”.

Logo de ver que con data 16 de outubro de 2020, por resolución da Presidencia, concedéuselle ao Concello do Incio un anticipo por importe de 650,00€, que foi reintegrado na conta da Deputación de Lugo o 31 de marzo de 2021, segundo copia da transferencia que se achega.

Logo de ver que o Concello de Baleira con data 12/04/2021, expediente 2021/PES\_03/006237, presenta a renuncia á achega concedida para o programa de cultura do Plan Único 2020, denominado “Outono Cultural Baleira 2020: Concertos e Actuacións Musicais, Teatro, Espectáculo de Maxia, Talleres Infantís”, facendo constar:

“Por medio da presente comunicación faise achega a ese organismo de renuncia da axuda concedida a este concello para a celebración do Outono Cultural 2020 por importe de 4.500,00€ dentro da programación cultural inicialmente programada por este concello dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020 e que abranguería a celebración de concertos e actuacións musicais, teatro, espectáculos de maxia e talleres infantís”.

Logo de ver que o Concello do Incio, con data 30 de marzo de 2021, expediente 2021/PES\_03/005643, presenta a renuncia á achega concedida para o Programa de Cultura do Plan Único 2020, denominado “Edición, deseño e impresión da Revista Cultural -Os Fanagueiros-”, facendo constar:

“Que por motivos da pandemia, non se realizaron actividades culturais no municipio, polo que foi imposible editar a revista cultural “Os Fanagueiros” para a que se solicitaba a axuda de 1.300,00€, dentro do programa cultural Plan Único 2020.

Polo que solicita: Se teña por presentada renuncia á axuda solicitada para edición, deseño e impresión da Revista Cultural “Os Fanagueiros”, por un importe de 1.300,00€”.





Logo de ver a normativa aplicable á solicitude de renuncia presentada polo Concello de Baleira e o Concello do Incio:

O artigo 84.da Lei 39/2015. de 1 de outubro do procedemento administrativo das Administracións Públicas, titulado “Terminación” dispón:

“1. Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

2. (...)”.

O artigo 94 da citada lei, titulado “Desistencia e renuncia polos interesados” sinala:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará a aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen á súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia,

5. (...)”.

A Base 19 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020 determina en canto á renuncia o seguinte:

“Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”.

Logo de ver os informes do Servizo de Cultura favorables á renuncia presentada polo Concello de Baleira e o Concello do Incio, por considerar que reúnen os requisitos legais para a aceptación das mesmas.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, en virtude dos artigos 84 e 94 da Lei 39/2015. de 1 de outubro do procedemento administrativo das Administracións Públicas da Base, así como a Base número 19 do Plan Único de 2020, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aceptar de plano a renuncia do Concello de Baleira á achega do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020, concedida por importe de 4.500,00€ para o programa de cultura denominado “Outono Cultural Baleira 2020: Concertos e Actuacións Musicais, Teatro, Espectáculo de Maxia, Talleres Infantís”, e declarar concluso o procedemento.

**2º.-** Aceptar de plano a renuncia do Concello do Incio á achega do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020, concedida por importe de 1.300,00€, para o programa de cultura denominado “Edición, deseño e impresión da Revista Cultural -Os Fanagueiros-”, e declarar concluso o procedemento.

**3º.-** Dar conformidade ao reintegro voluntario do importe anticipado en non executado de 650,00€ efectuado polo Concello do Incio segundo a copia da transferencia que se achega de data 31 de marzo de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **9.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO CONCELLO DE PORTOMARÍN SOBRE A ACHEGA ECONÓMICA DO PLAN ÚNICO DE 2020 PARA O PROGRAMA DE CULTURA DENOMINADO “DOMINGOS FOLCLÓRICOS”.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:



“Logo de ver que o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 02/04/2020, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos de 2020.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28/07/2020, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos de 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, que inclúe unha achega económica por importe de 1.000,00€, para o programa de cultura do Concello de Portomarín, denominado “Domingos Folclóricos”.

Logo de ver que Con data 27 de outubro de 2020, por resolución da presidencia, concedéuselle ao Concello de Portomarín un anticipo por importe de 500,00€, €, €, que foi reintegrado na conta da Deputación de Lugo o 17 de xuño de 2021 segundo a copia da transferencia que se achega.

Logo de ver que O Concello de Portomarín, con data 19 de abril de 2021, expediente 2021/PES\_03/006638, solicita unha prórroga do prazo de execución do programa de cultura denominado “Domingos Folclóricos” ou a renuncia á achega económica do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020”, facendo constar:

“Visto que este concello debido á situación excepcional que estamos atravesando derivada do Covid-19 sumada a outras vicisitudes e problemas administrativos non puido executar a actividade cultural dos Domingos Folclóricos do ano 2020.

Solicito: Unha prórroga no prazo de execución do programa ou a renuncia o mesmo”.

Logo de ver o informe do Servizo de Cultura emitido en relación á solicitude presentada polo Concello de Portomarín, no que se sinala:

En canto á prórroga solicitada polo Concello de Portomarín, que supón unha ampliación do prazo de execución, non procedería para o programa de cultura de gasto corrente, de acordo ao sinalado na seguinte normativa aplicable:

O artigo 32 da Lei 39/2015. de 1 de outubro do procedemento administrativo das Administracións Públicas, titulado “Ampliación” dispón:

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias aconséllano e con iso no se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento”.

A Base 3.B.4 do Plan Único de 2020 establece que: “Con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades culturais, con cargo ao Plan de Único de 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020”.

A Base 18.6 do citado Plan sinala que: “A liquidación definitiva farase efectiva logo de comprobar por parte dos servizos da Deputación que o concello cumpre coas obrigas establecidas nestas Bases, sendo a data límite do vencemento do programa o 31 de decembro de 2020”.

Do que antecede resulta que, no momento da presentación da solicitude de prórroga polo Concello de Portomarín, con data 19/04/2021, xa venceu o prazo.

En canto á renuncia solicitada polo Concello de Portomarín resulta aplicable a seguinte Normativa:

O artigo 84 da Lei 39/2015. de 1 de outubro do procedemento administrativo das Administracións Públicas, titulado “Terminación” dispón que:



“1. Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

2. (...)”.

O artigo 94 da citada lei, titulado “Desistencia e renuncia polos interesados” sinala que:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará a aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia,

5. (...)”.

A Base 19 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020 determina en canto á renuncia o seguinte:

“Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno.

No caso de que a Deputación tivese aboado anticipo, e o Concello renunciase, desistise ou non executase o investimento, actuación, evento ou actividade, dito Concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-\*\*\*\*. Tamén procederá a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro si e anterior a esta”.

O Concello de Portomarín procedeu á devolución do importe anticipado de 500,00€ sen requirimento previo da Deputación de Lugo.

Con base no exposto propono que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Desestimar a prórroga solicitada polo Concello de Portomarín segundo o artigo 32 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo das Administracións Públicas, así como a Base 3.B.4 e a Base 18.6 do Plan Provincial Único de 2020.

**2º.-** Aceptar a renuncia solicitada polo Concello de Portomarín segundo os artigos 84 e 94 da Lei 39/2015. de 1 de outubro do procedemento administrativo das Administracións Públicas, así como a Base 19 do Plan Provincial Único de 2020.

**3º.-** Dar conformidade ao reintegro voluntario do importe anticipado en non executado de 500,00€ efectuado polo Concello de Portomarín segundo a copia da transferencia que se achega de data 17 de xuño de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN ANTICIPADA DUN ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Franco, nada o día 29 de decembro de 1957, Administrativa de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Xefe/a Unidade II Investimentos Reais, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación



anticipada (Registro Xeral de Entrada nº 3807, de data 11 de marzo de 2021), para que sexa efectiva o día 6 de xullo do 2021, tendo unha antigüidade recoñecida de 39 anos, 3 meses e 28 días.

#### Consideracións xurídicas e técnicas

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1.- A xubilación do persoal funcionario pode ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

2.- A xubilación voluntaria concederáse por solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e as condicións establecidas no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

3.- A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

(...)”.

Doutra banda, o Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece:

“Xubilación anticipada por vontade do interesado

1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:

“a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes exclusivos efectos,

soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada”.

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre, que, no momento causante, lle falta ao traballador ata cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.a)”

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicárase de maneira gradual, fixándose para no ano 2021, segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

En canto á condición consistente en que o importe da pensión resultante ten que ser superior á contía da pensión mínima que corresponda ao/a interesado/a pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade, cómpre manifestar que tales pensións mínimas son as seguintes:

Con 65 anos.	Con cónxuxe a cargo.	Con cónxuxe non a cargo.	Unipersoal.
	843,40 €	648,70€	683,50€
Menor de 65 anos	790,70€	604,40€	639,50

Tendo en conta as consideracións anteriormente formuladas, e o contido do informe do Servizo de Recursos Humanos, do que se desprende que a interesa cumpre cos condicionantes establecidos; propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire artigo 59.4





do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 09.03.2011 (publicado do BOP núm. 056, do 10.03.2011),

Acorde:

Acceder á solicitude de xubilación anticipada de Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Franco dende o día 6 de xullo de 2021, sendo o día 5 de xullo de 2021, o último día que presta servizos nesta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*Sentenza nº 111/2019.*

Dase conta da sentenza nº 111/2019 de 14 de maio de 2019, ditada polo Xulgado de 1<sup>a</sup> Instancia nº 3 e Lugo, no Procedemento Ordinario nº 476/2018, seguido a instancia da Agrupación Lucense de Maderas, S.A. fronte á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A., e en cuxo fallo di o seguinte: “*Que estimo parcialmente como estimo la demanda formulada por la representación procesal de Agrupación Lucense de Maderas, S.A. contra a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A., debo declarar y declaro que el título obligacional constituído por el convenio celebrado entre la demandante y la demandada en fecha 3 de mayo de 2007 es plenamente válido y eficaz y que, en el seno del mismo, la primera ha dado cumplimiento íntegro a las obligaciones adquiridas. Asimismo, debo condenar y condeno a la demandada a hacer entrega a la demandante de copia compulsada de la certificación administrativa correspondiente a la aprobación del proyecto de reparcelación del sector SAU-2, descriptiva de la parcela nº 11 del mismo y a solicitar la inscripción en el Registro de la Propiedad de Vilalba del acto jurídico (segregación) contenido en la escritura autorizada en fecha 11 de diciembre de 2014 por el Notario de Lugo D. José Antonio Caneda Goyanes, bajo nº 2433 de su orden de protocolo así como a estar y pasar por los anteriores pronunciamientos*”. A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade, según á proposta da Asesoría Xurídica, dar cumprimento a mesma.

## **12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cuarenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.